

ACADANDO O TEU SONO (TEEN SPIRIT)

Max Minghella, 2018

577

ESTREA EN NUMAX: 09.02.2019 | V.O.S.E. | +7

Teen Spirit (2018, 92')

Dirección: Max Minghella

Guión: Max Minghella

Elenco: Elle Fanning, Rebecca Hall, Millie Brady, Elizabeth Berrington, Zlatko Buric, Jordan Stephens, Stephen Boxer, Archie Madekwe, Mark Stobart

Son: Matt Waites, Rashad Hall-Heinz

Dirección de arte: Tom Coates, Tilly Scandrett

Vestuario: Mirren Gordon-Crozier

Montaxe: Cam McLaughlin

Música: Marius De Vries

Fotografía: Autumn Durald

Produtora: Automatik Entertainment, Blank Tape, Head Gear Films, Metrol Technology (EEUU)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

SINOPSE

Violent é unha introvertida adolescente que vive na Illa de Wight, en Inglaterra, e que soña con converterse nunha estrela do pop para poder así arredarse do seu triste panorama familia. Coa axuda dun inesperado mentor, Violet insíbese nun concurso de canto que porá a proba a súa integridade, talento e ambición.

«O doce e conmovedor debut de Max Minghella como director é á vez clixé e refrescantemente diferente»

Jeanette Catsoulis, THE NEW YORK TIMES



ACADANDO O TEU SOÑO (TEEN SPIRIT)

Max Minghella, 2018


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Nota do director

Acadando o teu soño (Teen Spirit) está ambientada na Illa de Wight, unha pequena illa fronte á costa de Inglaterra onde medrou meu pai, que era fillo de inmigrantes italianos. Ao saír da escola traballaba no café de seus pais e, durante as fins de semana, repartía xelados. No seu tempo libre, tocaba coa súa banda ou escribía música, unha paixón que foi decisiva para a súa vida. Miña nai deixou Hong Kong cando tiña 18 anos para perseguir o seu soño de ser bailarina en Londres. Isto era pouco ortodoxo, non só na súa cultura, senón na súa familia onde case todos eran médicos. Quizais era inevitábel que me interesase nun personaxe coma Violet, que se sente desprazada culturalmente e atopa consolo na expresión artística.

Acadando o teu soño (Teen Spirit) é, en certo modo, unha historia tan antiga como o tempo: unha clásica historia de Cincenta. Violeta enfróntase a moitos obstáculos ao longo da súa viaxe, pero tentei que o filme nunca se desvíe cara á manipulación ou o sentimentalismo fácil. Os personaxes e as súas relacións son complexos e están cargados de sombras. Esencialmente, o filme amosa unha anguria poderosa e universal: temos algo que dicir pero sentimos que ninguén nos vai escoitar. E tal vez non merecemos sobresaír. Ese lugar pertécelle a outro, non a nós. Un sentimento que, sendo unha adolescente nunha illa pequena, será ampliado física e economicamente.

A vontade e a confianza en si mesma que Violet desenvolve ao longo do filme, non só para cantar libremente senón para rexeitar a idea de que precise a validación doutra persoa, é a viaxe central do filme. E espero que inspire a aqueles que senten a mesma distancia entre os seus soños e a realidade a confiar na súa voz.

Publicado en diamondfilms.es

Pura enerxía e profunda tristeza

Por Daniel de Partearroyo

Hai algunhas historias que sempre han continuar nutrinto filmes, igual que nunca deixarán de escribirse cancións de amor a pesar de que é difícil pensar que aínda queda algo por dicir nese terreo. Quizais precisamos novos relatos de superación que, como maternos abrazos de confort, nos digan que o esforzo obtén recompensa, que a decencia e a bondade a veces levan a algures.

Como un conto de fadas na era dos realities, *Acadando o teu soño* é a historia dunha cincenta de raíces polacas chamada Violet que vive na illa de Wight, traballa como camareira e canta temas de Robyn no karaoke local. Cando un concurso musical de televisión fai audicións na illa, a súa vida muda grazas á voz anxelical coa que vai superando

eliminatórias. O filme leva a mesma velocidade que unha canción pop, a súa narración aliméntase da emoción pura e pégase á interpretación nidia e virtuosa de Elle Fanning.

O grande acerto de Minghella e a directora de foto Autumn Durald é abordar a historia sobrevoando cada un dos requisitos dramáticos mentres a cámara moldea o corpo: aquí a voz de Violet ten a mesma entidade que o gancho de esquerda de Rocky Balboa. Tan enérxica, triste e honesta como as cancións de amor que queremos que nos repitan sempre, é o mellor filme de boxeo do ano.

Publicado en <https://cinemania.20minutos.es>
Traducións: Xan Gómez Viñas

O director

Max Minghella (Londres, 1985) é un actor e cineasta británico. Na actualidade interpreta a Nick Blaine na serie gañadora do Emmy *El cuento de la criada* canda Elisabeth Moss. En 2016, escribiu e produciu *La resurrección de Louis Drax*, dirixida por Alexandre Aja. Os seus traballos como actor inclúen *Los idus de marzo* (2011) de George Clooney, *Ágora* (2009) de Alejandro Amenábar e *La red social* (2010) de David Fincher. *Acadando o teu soño (Teen Spirit)* é a súa opera prima como director.

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
[#eusondenamax](https://www.instagram.com/eusondenamax)